



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

ANUNCIO DO TRIBUNAL AVALIADOR DO PROCESO SELECTIVO

Proceso selectivo con formación de bolsa de emprego:	
SELECCIÓN:	FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA
PRAZA:	TÉCNICO DO PROGRAMA DE ADECUACIÓN COMPLETA DO CONCELLO DE BOIMORTO AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE
Nº DE EMPREGADOS SELECCIONADOS:	1 - CON FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO
PROGRAMA TEMPORAL VINCULADO (Se achega o mesmo as presentes bases como ANEXO I):	ADECUACIÓN COMPLETA DO CONCELLO DE BOIMORTO AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE APROBADO MEDIANTE: DECRETO 572/2023 DE DATA 14.11.2023
SISTEMA:	CONCURSO - OPOSICIÓN

O tribunal en sesión de 17.01.2024, ACORDA:

PRIMEIRO.- Puntuación do exercicio da fase oposición do proceso selectivo:

NOTAS - EXERCICIO - FASE OPOSICIÓN

APELIDOS E NOME	DNI	1ª PARTE: TEST	2ª PARTE: SUPOSTO TEÓRICO - PRÁCTICO	NOTA FINAL GLOBAL DO EXERCICIO	CELGA 4
MANUEL VÁZQUEZ RÚA	***7284* *	24 PUNTOS - SUPERADO	25 PUNTOS - SUPERADO	49 PUNTOS - SUPERADO	SI

SEGUNDO.- Puntuación resultante da fase concurso do proceso selectivo.

FASE CONCURSO:

APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	
MANUEL VÁZQUEZ RÚA	***7284* *	30 PUNTOS	10 PUNTOS	40 PUNTOS

TERCEIRO.- Puntuación resultado da fase concurso do proceso selectivo.

APELIDOS E NOME	DNI	OPOSICIÓN	CONCURSO	
MANUEL VÁZQUEZ RÚA	***7284* *	49 PUNTOS	40 PUNTOS	89 PUNTOS

CUARTO.- O resultado do proceso selectivo en consecuencia é o seguinte:

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO RESULTANTE DO PROCESO SELECTIVO:	MANUEL VÁZQUEZ RÚA, CON DNI ***7284**
--	---------------------------------------



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

**BOLSA DE EMPREGO RESULTANTE DO PROCESO
SELECTIVO:**

QUINTO.-Publicar as plantillas empregadas polo tribunal para a corrección do exercicio da fase oposición:

PLANTILLA DE CORRECCIÓN - EXERCICIO - PARTE: TEST

1. En que artigo da constitución española regúlase o seguinte dereito: “os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”?

- a) Artigo 17.
- b) Artigo 15.
- c) Artigo 14.**
- d) Artigo 28.

2. De acordo co artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, non son Entidades Locais territoriais:

- a) O Municipio.
- b) A Provincia.
- c) As Mancomunidades de Municipios.**
- d) Ningunha das respostas é válida.

3. De acordo ao artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos teñen os seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva, indique a correcta:

- a) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo.
- b) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos e a ser informado polos seus superiores das tarefas para desenvolver.
- c) A negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo.**
- d) Ningunha das respostas é válida.

4. Segundo a Lei que rexe o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en que artigos regúlase a nulidade e a anulabilidade?:

- a) Nos artigos 47 e 48.**
- b) Nos artigos 49 e 50.
- c) Nos artigos 42 e 43.
- d) Nos artigos 82 e 83.

5. Segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), cal é o órgano competente para exercer o control e fiscalización dos órganos de goberno?

- a) Alcalde.
- b) A Xunta de Goberno Local.
- c) Pleno.**
- d) Ningunha das respostas é válida.

6. En cantos títulos estrutúrase a constitución española?

- a) 10 títulos.
- b) 12 títulos.
- c) Título preliminar e 10 títulos.**
- d) 21 títulos.

7. Cales dos seguintes órganos existen en todos os concellos?



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

- A) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno.
- B) O Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Pleno.
- C) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Pleno.
- D) O Alcalde e o Pleno.

8. En que municipios existe a Xunta de Goberno Local?

- A) Obrigatoriamente en todos os municipios que contén con máis de 500 habitantes.
- B) Obrigatoriamente en todos os municipios que contén con polo menos 5.000 habitantes.
- C) En todos os Concellos.
- D) Obrigatoriamente en todos os municipios que contén con máis de 5.000 habitantes.

9. O literal do artigo 30 da Constitución Española establece que:

- A) Os españois teñen o dereito e o deber de defender a España.
- B) Os españois teñen o deber e os estranxeiros o dereito de defender a España.
- C) Os españois non teñen o deber de defender a España.
- D) Os españois teñen o dereito de defender a España.

10. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece no seu artigo 126.3 que o recurso extraordinario de revisión entenderase desestimado se, desde a interposición do recurso, non se dita e notifica a resolución nun prazo de:

- A) Quince días.
- B) Un mes.
- C) Dous meses.
- D) Tres meses.

11. Segundo o Regulamento Xeral de Protección de Datos, as persoas interesadas teñen dereito a obter determinada información, previamente á recollida dos seus datos. Cal das seguintes NON forma parte desta obriga:

- a) Información sobre a posible existencia de decisións automatizadas.
- b) A finalidade e base xurídica do tratamento.
- c) Como poden exercer os seus dereitos.
- d) A inversión feita pola organización en medidas de seguridade.

12. Segundo o Regulamento Xeral de Protección de Datos, ao tratamento de datos persoais de xeito que a información que se obteña non poida asociarse cun interesado sen empregar información adicional, sempre que a dita información adicional figure por separado e estea suxeita a medidas técnicas e organizativas destinadas a garantir que os datos persoais no se atribúen a unha persoa física identificada ou identificable coñecemos como:

- a) Diversificación dos datos.
- b) Cancelación dos datos.
- c) Seudonomización.
- d) Ofuscación dos datos.

13. Quen pode exercer os dereitos recoñecidos polo RXPDP?

- a) Calquera interesado sempre que conte cun certificado electrónico.
- b) Tan só poden ser exercitados polo titular dos datos ou polo seu representante, legal ou voluntario.
- c) Só os cidadáns da Unión Europea.
- d) O Responsable do tratamento.

14. Elixo, entre os seguintes, o mellor método de autenticación:

- a) Algo que alguén sabe.
- b) Algo que alguén ten.
- c) Algo que alguén é.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

- d) O que unha persoa sabe e é.
15. A tarxeta de empregado público:
- a) É un mecanismo de autenticación mediante biometría.
 - b) Non é un sistema de autenticación, senón de control horario.
 - c) É un mecanismo de autenticación do tipo "algo que se sabe".
 - d) É máis segura que o uso de contrasinais, xa que combina un PIN coa posesión dunha tarxeta. "Algo que sei" + "Algo que teño".
16. O bloqueo do posto de traballo cando te ausentas ...
- a) non é posible facelo.
 - b) leva moito tempo facelo.
 - c) non é unha medida de protección necesaria.
 - d) evita que outra persoa poda utilizar o teu equipo sen permiso.
17. A dimensión de integridade, está relacionada
- a) coa validez e consistencia da información.
 - b) coa continuidade no acceso á información.
 - c) coa dispoñibilidade de acceso á información.
 - d) coa privacidade da información.
18. Segundo o artigo 12.5 do Esquema Nacional de Seguridade:
- a) Os municipios poderán aprobar unha política de seguridade común elaborada pola entidade local comarcal ou provincial que asuma a responsabilidade da seguridade da información dos sistemas municipais.
 - b) Os municipios poderán dispoñer dunha política de seguridade común elaborada pola entidade local comarcal ou provincial que asuma a responsabilidade da seguridade da información dos sistemas municipais.
 - c) Os municipios poderán adoptar unha política de seguridade común elaborada pola entidade local comarcal ou provincial asumindo a súa responsabilidade na seguridade da información dos sistemas municipais.
 - d) Ningunha das respostas é correcta.
19. Cal dos seguintes responsables non aparece definido no Esquema Nacional de Seguridade (RD 311/2022)?
- a) Responsable do servizo.
 - b) Responsable de seguridade.
 - c) Responsable da información.
 - d) Responsable do ficheiro.
20. Calquera circunstancia que poida acadar unha perda nalgunha das dimensión da seguridade nun sistema de información é:
- a) Unha ameaza.
 - b) Unha vulnerabilidade.
 - c) Un risco.
 - d) Un ataque.
21. As medidas de seguridade para protexer a información, deben ser...
- a) As mínimas posibles, para que o noso traballo sexa máis axil.
 - b) Sempre as máximas posibles, con independencia do esforzo ou coste que supoña alcanzala.
 - c) Proporcionais ao valor da información que se protexe e aos riscos que a poden afectar.
 - d) As que decidan as unidades TIC, dado que son os responsables da seguridade da información.
22. A protección física do equipamento informático para evitar roubos é unha medida de seguridade:
- a) Cohercitiva.
 - b) Preventiva.
 - c) Técnica.
 - d) Minoradora.
23. Un risco ou ameaza lóxica pode ser:
- a) Unha falla eléctrica.
 - b) Unha inundación.
 - c) Un incendio.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

d) Un virus informático.

24. Os usuarios poden instalar pola súa conta novos programas no seu equipo...

- a) Nunca, so o pode facer o persoal de soporte técnico.
- b) So cando o soporte técnico tarde moito en responder.
- c) Sempre que o programa sexa gratuito.
- d) Sempre que lle faga falta.

25. Respecto da obrigas do persoal en canto ao cumprimento da política e a normativa de seguridade da organización

- a) Todas son correctas.
- b) O seu incumprimento poderá ser sancionado de conformidade coa normativa disciplinaria correspondente.
- c) Todo o persoal ten o deber de cumprir a política de seguridade da información e a normativa de seguridade derivada.
- d) Todo persoal que empregue sistemas de tecnoloxías da información e as comunicacións recibirá formación para o manexo seguro dos devanditos sistemas.

26. Con respecto ao concepto de seguridade integral:

- a) Debemos considerar todos os elementos relacionados co sistema: técnicos, humanos, materiais e os organizativos.
- b) A concienciación e a formación forma parte deste concepto como un elemento complementario.
- c) A concienciación e a formación non forma parte deste concepto.
- d) As actuacións puntuais teñen unha importancia decisiva.

27. Respecto do correo corporativo

- a) Todas son correctas.
- b) Esta monitorización non será nunca selectiva ou discriminatoria senón que será realizada de forma sistemática a ou aleatoria e sen vulneración da intimidade persoal nin do segredo das comunicacións.
- c) A Administración proverá de servizo de mensaxaría (correo electrónico) ás persoas ao seu servizo cunha finalidade exclusivamente profesional.
- d) Por razóns de seguridade e rendemento, os órganos responsables do servizo poderán monitorizar o servizo de mensaxaría corporativa.

28. Segundo o RD 311/2022 que regula o Esquema Nacional de Seguridade, a política de seguridade da información é o conxunto de directrices que rexen a forma en que unha organización xestiona e protexe a información que trata e os servizos que presta. Para ese efecto, o instrumento que aprobe dita política de seguridade deberá incluír, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Todas son correctas.
- b) As directrices para a estruturación da documentación de seguridade do sistema, a súa xestión e acceso; os riscos que se derivan do tratamento dos datos persoais.
- c) Os obxectivos ou misión da organización, o marco regulatorio no que se desenvolverán as actividades, os roles ou funcións de seguridade, definindo para cada un, os seus deberes e responsabilidades, así como o procedemento para a súa designación e renovación.
- d) A estrutura e composición do comité ou os comités para a xestión e coordinación da seguridade, detallando o seu ámbito de responsabilidade e a relación con outros elementos da organización.

29. Con respecto á xestión de riscos o Esquema Nacional de Seguridade establece que:

- a) Analizaranse os riscos inicialmente para determinar os problemas de seguridade.
- b) Analizaranse inicialmente e actualizarase a análise de xeito constante; coa xestión procurarase a súa redución a un nivel aceptable mediante a selección e implantación de medidas de seguridade.
- c) Analizaranse os riscos inicialmente; coa xestión procurarase a súa redución a un nivel aceptable mediante a selección e implantación de medidas de seguridade.
- d) Analizaranse os riscos tan só inicialmente; posteriormente, coa xestión procurarase a súa redución a un nivel aceptable mediante a selección e implantación de medidas de seguridade.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

30. Segundo a política de seguridade do concello de Boimorto cal das seguintes non é unha función propia do Responsable do Sistema:

- a) Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida.
- b) Elaborar os procedementos operativos necesarios.
- c) Xestionar os procesos de certificación**
- d) Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema.

RESERVA

31. Segundo a política de seguridade do concello de Boimorto cal dos seguintes Roles e funcións do ENS non son propios do Bloque de Goberno:

- a) Comité de Seguridade da Información.
- b) Responsable da Información.
- c) Responsable do Servizo.
- d) Responsable da Seguridade.**

32. Segundo ou apartado 7.8. da Guía de aplicación dá Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de xestión de documentos electrónicos para que é necesaria a rastrexabilidade:

- a) Identificar unha acción pendente de execución.
- b) Prever a perda de documentos.
- c) Permitir a recuperación dun documento.
- d) Todas as anteriores son correctas.**

33. Segundo ou apartado 8. dá Guía de aplicación dá Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de xestión de documentos electrónicos cos metadatos dous documentos:

- a) Póidase probar que son xenuínos.
- b) Sexan exactos e póidase confiar neles.
- c) a e b son correctas.**
- d) Non pódese controlar a alteración ou borrado non autorizado.

34. As aplicacións antimalware deben dispoñer de actualizacións regulares pero ademais, que métodos deben combinar estas aplicacións?

- a) Unicamente escáner de accesos.
- b) Escáner de accesos, escáner de correos electrónicos e control de firmas, entre outros.**
- c) Unicamente control de firmas.
- d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

35. Como se chaman prográmasvos que están deseñados para copiarse e propagarse por se mesmos mediante mecanismos de rede?.

- a) Spyware.
- b) Verme**
- c) Troyano.
- d) Rootkit.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

PLANTILLA DE CORRECCIÓN - EJERCICIO - PARTE: SUPOSTO TEÓRICO-PRÁCTICO

- Guía de publicación de la convocatoria de la licitación - páx. 52 - 56

Boimorto, a data da sinatura dixital

O secretario do tribunal
Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ